GUÍA PARA IDENTIFICAR E TRATAR ALGÚNS ROLES NO GRUPO

TIPOS DE ROL	COMO identificalos	COMO Tratalos
O Eterno Preguntón	Quere entorpecerte e sería feliz en coñecer a túa opinión; trata de facerche apoiar o seu punto de vista	Reenvía as súas preguntas ao grupo. Non resolvas ti os seus problemas. Non tomes partido.
O Querellador 	Gústalle ferir os demais ou ten razóns lexítimas para queixarse.	Permanece tranquilo. Trata de facerlle illar polo grupo. Dille que trataredes con moito gusto o seu problema en privado. Atrinchéirate tras a falta de tempo.
O Embrollón	Gústalle discutir, opoñerse polo pracer de facelo ou pode ser que sexa de natureza "embrollón".	Trata de separar o que hai de bo nas súas intervencións e despois fálalle doutra cousa. Non te desconcertes... Utiliza as preguntas. Déixalle empeñarse en dicir parvadas e oponlle a opinión do grupo. Fálalle en particular.
O obstinado	Ignora sistematicamente o punto de vista dos demais e o teu. Non quere aprender nada dos demais.	Une o grupo contra el. Dille que estarás encantado en discutir o asunto a soas con el. Pídelle que mentres tanto acepte o punto de vista do grupo.

TIPOS DE ROL	COMO identificalos	COMO Tratalos
O "sabido" 	Quere impoñer a súa opinión a todos. Pode estar efectivamente ben informado ou ser un simple charlatán.	Deteno mediante preguntas difíciles. Reforza a confianza do grupo, para que non se deixe impoñer por este tipo de alumnos: "hei aquí un punto de vista interesante. Vexamos o que pensa o grupo ".
O Mudo Voluntarioso	Desinterésase de todo. Crese por debaixo ou por enriba dos asuntos discutidos.	Trata de espertar o seu interese pedíndolle a súa opinión sobre un punto que coñeza. Indícalle sen esaxerar o respecto que sentimos pola súa experiencia, facéndolle comprender ao grupo a túa intención ou explica mellor ao grupo aquilo que el non comprende.
O "Chic"	Sempre disposto a axudarche. Seguro de si mesmo. Convencido.	Constitúe unha axuda preciosa durante as discusións. Faille achegar a súa contribución. Utilízao frecuentemente. Dálle as grazas.
O obstinado	Fala de todo fose de tema e dunha forma incontible.	"Páralle a corda" cando se detén a tomar alento: "Pepiño, ¿non nos afastamos un pouco do tema? ". Se non se dá por aludido observa o teu reloxo ostensiblemente.

TIPOS DE ROL	COMO identificalos	COMO Tratalos
O Tímido	Ten ideas pero cústalle formulalas.	Faille preguntas doadas. Axúdao. Aumenta a confianza en si mesmo. Atrae a atención sobre as súas boas intencións.
O "Altivo" 	Trata ao grupo dun xeito altivo. Non se interesa por el.	Non firas a súa susceptibilidade. Non o critiques. Se se equivoca utiliza a técnica dubitativa: "Si, pero... "
O de Ideas Fixas 	Ten manías e repíteas sen cesar. Cando está lanzado fala delas interminablemente. É susceptible.	Devólvelle o tema. Aproveita as ideas interesantes que poida expresar. Trata de comprendelo. Trátao con coidado.
O Distraído	É distraído. Distrae os demais. Pode falar do tema ou doutra cousa.	Interpélao coa axuda dunha pregunta doada e directa, dirixíndoche a el directamente polo seu nome. Recolle a última idea expresada polo grupo preguntándolle a súa opinión.